



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

RESOLUCIÓN DA 1ª TENENTE DE ALCALDE Nº 3252/18

Dona Mª José Varela Neira, 1ª Tenente de Alcalde do Concello de Oleiros con data 7 de agosto de 2018 ditou o seguinte resolución pola que se aproba o expediente de contratación de obra de **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RÚA ABELLA"**.

Mediante Providencia desta concellaría con data do 16 de xuño de 2018 iníciase expediente para a contratación de **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RÚA ABELLA"**; con base na proposta da **Concelleira Delegada de Economía, Facenda e Contratación** e a Memoria xustificativa do contrato con data 6 de xullo de 2018, suscrita polo Arquitecto Técnico Municipal Don José Luis Jarez Vázquez.

O orzamento da presente licitación é de 52.973,07€, máis 21% de IVE que ascende a 9.273,04€, o que supón un importe de 53.430,38€ IVE engadido.

O prazo de execución do referido contrato é **dous (2) meses** definidos no prego de cláusulas técnicas do contrato.

O expediente acompáñase do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e proxecto de obra redactado polo Arquitecto Técnico Municipal Don José Luis Jares Vázquez e aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2866, polo procedemento *aberto simplificado* de tramitación *ordinaria*.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP,

ACÓRDASE

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente para a contratación da obra: **"PAVIMENTACIÓN DA RÚA MAPOULAS E DA RÚA ABELLA"**; polo importe de 52.973,07€ máis o 9.273,04€ de IVE, que supón un total de 53.430,38€ (IVE engadido). O procedemento de tramitación será aberto simplificado.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato

TERCEIRO.- Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato. Unha vez que xa foi retido o crédito segundo se desprende das operación "RC" que se sinalan a continuación:

Ano	Operación	Importe
2018	21800032576	53.430,38€

CUARTO.- Abrir a fase de licitación do contrato mediante a publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Oleiros, para que se poidan presentar



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

as ofertas que se estimen oportunas no prazo de **vinte días naturais**, a partir do día seguinte á publicación do anuncio de licitación.

QUINTO.- Dar traslado do presente acordo a Intervención e contabilidade.

SEXTO.- Notificarlle a presente Resolución ó interesado, facéndolle saber que contra a mesma, por ser un acto que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano administrativo que a dita, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, a 7 de agosto de 2018.

1ª Tenente de Alcalde,

Asdo. Mª José Varela Neira

Dou fe,
A Secretaria Accidental

Asdo. Mª Pilar Cela Álvarez